

# Espazos sonoros

músicas en espazos de  
interese cultural <<<<

Do 13 de setembro ao 28 de outubro de 2015

[espazossonoros.org](http://espazossonoros.org)  
[cultura.gal](http://cultura.gal)

XUNTA DE GALICIA

# Espazos sonoros

## Organiza

Xunta de Galicia  
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
Secretaría Xeral de Cultura

## Dirección artística

Belén Bermejo López

## Redacción

Andrés Díaz Pazos e Belén Bermejo López

## Asesoramento lingüístico

Secretaría Xeral de Política Lingüística

## Coordinación

Asociación Cultural Silva de Sons

## Imaxe e comunicación

Sirgo Torcendo

## Imprime

Gráficas Garabal

DL: C 985-2015

# Espazos sonoros

Espazos Sonoros chega á súa oitava edición cunha programación singular que nos convida a descubrir, co fío da música, valiosos lugares do patrimonio galego. A igrexa gótica de San Nicolao de Cis, o refectorio do mosteiro de Oseira, o Centro Galego de Arte Contemporánea, o colexio de Nosa Señora da Antiga de Monforte, Santa María de Aciveiro en Forcarei ou a igrexa de Santa Liberata de Baiona son algunhas das construcións que abrigarán as propostas musicais deste ano.

Neste percorrido, Espazos Sonoros danos a oportunidade de respirar de vagar, de baixar o ritmo, de ollar o noso contorno e reparar no detalle, sentindo como resoa nel a vibración das cordas dunha *kora* africana, a recreación dunha canción antiga a capela, o ecoar das tubaxes dun órgano histórico, o bordón tradicional dunha zanfona en clave contemporánea galega. Todas esas sonoridades configuran esta programación, construída para unha percepción e unha vivencia a través dos cinco sentidos.

Boa parte da proposta de concertos complementábase con espazos para falar e para achegarnos aos nosos bens artísticos e biolóxicos. Espazos Sonoros ábrenos unha canle para o turismo cultural de calidade nesta entrada do outono, unha boa motivación para percorrer os recunchos de Galicia na procura da música, da descuberta do patrimonio e do encontro coa natureza. Póñanse cómodos e anímense a coñecer e a gozar estas fermosas propostas.

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

# Espazos sonoros

Corren tempos incertos, de crise nun amplo espectro de fronteas. Tempos que nos levan á reflexión arredor de cuestións como o significado e o valor da cultura nunha sociedade en proceso de cambio. Quen e como se debe financiar a cultura? É a cultura unha función pública irrenunciábel? U-los dereitos culturais nun estado social en proceso de profunda revisión? Este debate é saudábel, síntoma de que existe aínda unha sensibilidade por aqueles temas que teñen que ver coa satisfacción das necesidades básicas que procuran o libre desenvolvemento das persoas. Mais é común tamén introducir nesta análise elementos que reducen a cultura a unha lóxica comercial segundo a que só ten valor aquilo que produce un beneficio económico inmediatamente cuantificábel. Esta perspectiva, que leva a contemplar a cultura como mercadoría, é alarmante.

O valor engadido da cultura, da música, da danza, do teatro non está na recadación que se poida ou non producir no despacho de billetes, a cultura é un valor en si mesmo e unha ferramenta útil para comprendérmolos como individuos, un elemento emancipador que axuda a integrar a sociedade e a darlle identidade para afrontar o presente e o futuro e conciliarse co que fomos no pasado. A cultura non é un luxo ou un adorno do que se pode prescindir, senón algo útil e indispensable que achega calidade de vida en todas as dimensións da existencia.

E desde este convencemento presentamos unha nova edición de Espazos Sonoros. Unha programación enraizada no noso, feita desde aquí e para o aquí, que procura ao tempo a necesaria proxección exterior a través de alianzas con outras culturas que nos permitan aspirar a un espazo no contexto global sen perder a nosa identidade. A colaboración co Festival In Spiritum de Porto e coa Musikschule de Innsbruck son os primeiros froitos deste traballo e a participación no programa de artistas procedentes de varios países e culturas, que comparten cartel cunha representación do noso mellor talento artístico, son mostra diso.

Prezado público, lonxe de elitismos, mercadorías e estereotipos, deixádevos sorprendere, provocar e concienciar polos contidos desta nova edición, para dar resposta a cada dúbida sobre a necesidade que temos como persoas do conxunto das máis diversas manifestacións culturais.

Belén Bermejo López  
Directora artística do festival Espazos Sonoros



## SETEMBRO

**Domingo 13, 20.00 h** **La Morra** ...páx. 08  
 IGREXA DE SAN NICOLAO DE CIS, OZA-CESURAS (A CORUÑA) ...páx. 32

**Sábado 19, 19.00 h** **Coro Vox Stellae e os Menestreis de 1500** ...páx. 10  
 COLEXIO DE NOSA SEÑORA DA ANTIGA OU DO CARDEAL, MONFORTE DE LEMOS (LUGO) ...páx. 34  
 Coñece o teu patrimonio: ás 11.00 h, roldas pola paisaxe organística galega ...páx. 11

**Sábado 26, 16.30 h** **Obradoiro de achegamento á música antiga** ...páx. 14  
 REFECTORIO DE SANTA MARÍA A REAL DE OSEIRA, SAN CRISTOVO DE CEA (OURENSE) ...páx. 36  
 Coñece o teu patrimonio: ás 15.30 h, visita guiada ...páx. 15

## OUTUBRO

**Sábado 3, 19.00 h** **Tunde Jegede e Diana Baroni** ...páx. 16  
 CAFETERÍA DO CGAC, SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA) ...páx. 38  
 Escoítas arredor de ...

**Domingo 4, 18.00 h** **La Macorina** ...páx. 18  
 SAN LORENZO DE CARBOEIRO, SILLEDA (PONTEVEDRA) ...páx. 40  
 Coñece o teu patrimonio: ás 15.00 h, ruta polo carreiro do Deza ...páx. 19

**Sábado 10, 19.00 h** **Quinteto Egeria** ...páx. 20  
 ADEGAS ROANDI, O BARCO (OURENSE)  
 Coñece o teu patrimonio: ás 11.00 h, ruta pola contorna natural e cultural de Éntoma ...páx. 21

**Domingo 11, 19.00 h** **Herbens Consort** ...páx. 22  
 SANTA MARÍA DE ACIVEIRO, FORCAREI (PONTEVEDRA) ...páx. 42  
 Coñece o teu patrimonio: ás 15.00 h, ruta pola senda das Neveiras ...páx. 23

**Domingo 18, 20.00 h** **Joel Frederiksen** ...páx. 24  
 IGREXA DE SANTA LIBERATA, BAIONA (PONTEVEDRA) ...páx. 44

**Sábado 24, 19.00 h** **Fdez. & Quintá** ...páx. 26  
 SALA NOBRE DO MUSEO MASSÓ, BUEU (PONTEVEDRA) ...páx. 46  
 Coñece o teu patrimonio: ás 12.00 h, xornada arredor da pegada de Lugrís e os Massó en Bueu ...páx. 27

**Mércores 28, 20.00 h** **Óscar Ibáñez trío** ...páx. 28  
 SEXTO EDIFICIO DO MUSEO DE PONTEVEDRA ...páx. 49  
 Concerto-presentación do libro *Xan Tilve, Gaitero de Campañó*

#### COMO CHEGAR:

Para coñeceres a localización de cada un dos espazos, busca en Googlemaps o mapa de Espazos Sonoros 2015.

#### DEBES TER EN CONTA:

Os concertos son de balde e a entrada libre ata completar a capacidade.

Nas actividades con prazas limitadas sinaladas no catálogo é imprescindible a inscrición previa nas datas establecidas.

Cada persoa poderá facer un máximo de catro reservas.

Para a reserva deberase achegar o nome completo de cada unha das persoas participantes, así como un teléfono de contacto.

O día da actividade deberase entregar impresa a mensaxe recibida por correo electrónico coa confirmación da inscrición.

Información actualizada en [www.espazossonoros.org](http://www.espazossonoros.org)

# Espazos sonoros

Programa... 2015 >>

[www.espazossonoros.org](http://www.espazossonoros.org)

## Ensemble La Morra ...///

Igrexa de San Nicolao de Cis, Oza-Cesuras (A Coruña)

CONCERTO INAUGURAL

Domingo 13 de setembro >> 20.00 h

### LUCE NELL'OMBRA

AS MÚSICAS DE FRANCESCO LANDINI (1325-1397)

Vivaviancaluna Biffi, soprano e fídula

Corina Marti, frautas, *clavisimbalum*, *organetto*

Michal Gondko, laúde

Francesco da Firenze, máis coñecido como Francesco Landini, é un dos compositores italianos de maior sona do chamado *trecento*. Cego desde neno, Landini aprendeu a tocar diversos instrumentos, era cantor, escribía poesía e compoñía música. Tamén se ten noticia de que era un experto construtor de instrumentos musicais e de que tiña amplos coñecementos de filosofía e astronomía; unha especie de antecesor, en suma, do humanismo renacentista en pleno século XIV. Del consérvase unha fermosa miniatura, no *Códice Squarcialupi*, no que aparece representado, coroado de loureiro e tocando un órgano portátil. Da súa prolífica obra, o grupo La Morra fai una escollla dalgunhas das súas máis fermosas *ballatas*, a través das cales Landini mostra un especial don para a composición melódica e, ao tempo, a súa capacidade de atopar orixinais solucións harmónicas.

O conxunto La Morra, que toma o seu nome da famosa peza instrumental do mestre Heinrich Isaac, forma parte dun grupo de prestixiosas formacións, que se foron facendo un espazo no mundo da música antiga a comezos do presente século. Especializado na interpretación da música tardomedieval e no primeiro Renacemento (1300-1500), o grupo ten a súa sede en Basilea, un dos máis reputados centros de estudo e investigación da música antiga. Fundado e dirixido por Corina Marti e Michal Gondko, a agrupación actuou nos máis prestixiosos festivais europeos e norteamericanos e os seus traballos discográficos recibiron as máis eloxiosas críticas, mencións e premios. Nesta ocasión, preséntase cunha formación de tres músicos, para lle render homenaxe ao mestre Francesco Landini, no espazo da fermosa igrexa gótica de San Nicolao de Cis.

[www.lamorra.info](http://www.lamorra.info)



## Coro Vox Stellae e os Menestreis de 1500 ...///

Colexio de Nosa Señora da Antiga ou do Cardeal, Monforte de Lemos (Lugo)

Sábado 19 de setembro >> 19.00 h

### RODERICUS CARDINALIS

UNHA MISA PARA DON RODRIGO DE CASTRO

A Biblioteca Histórica Marqués de Valdecilla, da Universidade Complutense de Madrid, acolle nos seus andeis unha pequena xoia do patrimonio musical galego e ibérico. Trátase dun manuscrito de 1594 dedicado ao cardeal arcebispo de Sevilla, Rodrigo de Castro, que contén unha misa e un motete a seis voces e, agochado no debuxo na portada, un canon tamén a seis voces. O seu autor é Cristobal de Medrano, do que non temos moitos datos biográficos, agás que foi probablemente músico da capela privada do propio Rodrigo de Castro, un dos máis importantes mecenas do Renacemento hispánico, pertencente á familia dos Lemos. O manuscrito é unha cumprida e impresionante homenaxe ao cardeal, pois o texto acode, en todas as partes da misa e en dúas do motete, reiteradamente, á expresión Rodericus Cardinalis, a xeito de recordatorio sonoro da dedicataria da música. Ademais, o manuscrito ten frecuentes alusións ao cardeal, tanto na portada, onde aparece Medrano ofrecéndolle o libro como, de xeito máis simbólico, nas iniciais das letras das diferentes partes da misa onde, con frecuencia, aparecen elementos heráldicos relacionados coa casa dos Lemos. O manuscrito pertenceu á biblioteca de Rodrigo de Castro e, de alí, xunto

co resto da súa biblioteca, pasou ao colexio de xesuítas da vila de Monforte, que el mesmo fundara. Nalgún momento, xa fose na expulsión dos xesuítas ou antes, foi salvado e debeu pasar a formar parte da biblioteca do Colexio Imperial de Madrid, logo incluída na biblioteca da Universidade Central, onde se conservou ata os nosos días.

O Coro Vox Stellae xunto á capela instrumental dos Menestreis de 1500 presentan en primicia, e en colaboración co festival Espazos Sonoros, este proxecto de recuperación da misa e o motete que teremos oportunidade de escoitar, por vez primeira en centos de anos, aos pés do sepulcro do seu dedicatario.

[voxstellae.com](http://voxstellae.com)  
[grupo1500.es](http://grupo1500.es)



## >> Roldas pola paisaxe organística galega

Monforte de Lemos (Lugo)

Sábado 19 de setembro >> 11.00 h

COÑECE O TEU PATRIMONIO

### A PAISAXE ORGANÍSTICA DE MONFORTE DE LEMOS

No empeño por valorizar unha importante e esquecida parte do noso patrimonio histórico, e logo de percorrer en anteriores edicións os órganos da Mariña, de Ourense e algúns dos órganos de Santiago de Compostela e Terras de Santiago, Espazos Sonoros continúa coas súas roldas pola paisaxe organística galega e desta volta fai parada en Monforte de Lemos, nunha xornada na que teremos oportunidade de afondar no riquísimo patrimonio organístico e musical atesourado nesta histórica vila.

Nesta nova rolda, e da man de membros do equipo de catalogación dos órganos de Galicia, coñeceremos o esplendor do que foi o patrimonio organístico e musical de Monforte e ollar moi de preto, nunha

oportunidade única, os órganos de Santa María da Régoa e San Vicente do Pino, hoxe tristemente silentes, pero que, aínda co paso do tempo, conservan inalterables o seu porte e nobreza.

Ademais, como complemento á xornada e, xa pola tarde, faremos un percorrido pola vila, da man de Richard Rivera, guía especializado en música e coautor do *Itinerario histórico-musical de Monforte de Lemos*, editado por Ouvirmos, que nos achegará a outros espazos e aspectos destacados, non sempre tan evidentes nin coñecidos da vida musical monfortina.

A estación final do noso percorrido organístico e musical estará na capela do Colexio do Cardeal, na que teremos oportunidade de escoitar un documento único: a recuperación, polo coro Vox Stellae e os Menestreis de 1500, dunha misa e dun motete compostos na honra do cardeal Rodrigo de Castro, soterrado nesta igrexa, para pechar así o círculo arredor do impresionante legado musical da vila de Monforte.

## OS ÓRGANOS DE MONFORTE DE LEMOS

A vila de Monforte conserva, aínda hoxe en día, dous interesantes órganos do que debeu ser un pasado organolóxico aínda máis rico. Sen dúbida, os diversos mosteiros e conventos fundados polos sucesivos condes de Lemos, ou mesmo o Colexio da Compañía, fundado polo cardeal arcebispo de Sevilla, Rodrigo de Castro, albergaron este tipo de instrumentos. Sábese, por exemplo, que o desaparecido convento franciscano de Santo Antón, un dos máis grandes de Galicia, tiña un órgano que foi destruído cando os franceses pasaron por esta vila. O convento das clarisas non puido ser unha excepción dentro dos da orde e seguro que tivo un órgano, que probablemente desapareceu no decurso da reconstrución da igrexa a comezos do século XX.

Porén, hoxe en día só nos quedan dous instrumentos, non por iso menos interesantes e en estado de conservación diverso. O máis antigo deles atópase na igrexa do antigo mosteiro cisterciense de San Vicente do Pino. O órgano data da terceira década do século XVIII e é un dos máis antigos dos que conservamos en Galicia, aínda que a súa integridade non foi allea a diferentes intervencións e ás obras que se levaron a cabo no que foi convento e agora parador de turismo. Na igrexa da Régoa (antigo convento de San Xacinto), topámonos cun interesantísimo exemplar, en moi bo estado de conservación, e obra do organeiro lugués, oriúndo de Meilán, Pedro Méndez.

Foi construído xusto no inicio do século XIX, aínda que o seu deseño é enmarcable dentro do prototipo do órgano barroco ibérico, e é unha das testemuñas máis destacadas que nos quedan do bo facer dos mestres organeiros galegos.

### Programa da rolda:

- 11.00 h Xuntanza no Colexio do Cardeal. Charla contextualizadora da xornada e do itinerario organístico-musical
- 11.45 h Saída cara á igrexa da Régoa e visita ao órgano
- 12.45 h Saída cara á igrexa de San Vicente do Pino e visita ao órgano
- 14.00 h Xantar libre
- 16.30 h Itinerario histórico-musical pola vila de Monforte
- 19.00 h Concerto do Coro Vox Stellae e os Menestreis de 1500 na igrexa do Cardeal

**Capacidade máxima:** 60 persoas

**Lugar de encontro:** na porta da igrexa do Colexio do Cardeal (Monforte de Lemos)

**Inscrición:** do 5 ao 16 de setembro en [actividades@espazossonoros.org](mailto:actividades@espazossonoros.org)

**Público:** para todos os públicos





## >> Obradoiro de achegamento á música antiga

Refectorio de Santa María a Real de Oseira, San Cristovo de Cea (Ourense)

Sábado 26 de setembro >> 16.30 h

OUTRAS ACTIVIDADES

UNHA CITA COA MÚSICA ANTIGA E OS SEUS INSTRUMENTOS PARA COÑECELOS E GOZALOS: CINCO SÉCULOS PARA A FRAUTA DE BICO (SS. XIII-XVIII)

**Ilse Strauss**, frautas de bico  
**María Ruíz**, frautas de bico e traverso  
**Abraham Cupeiro**, frautas de bico  
**Wolfgang Praxmarer**, laúde

Modera **Andrés Díaz**

Se na edición anterior de Espazos Sonoros completabamos o percorrido por diferentes familias de instrumentos antigos, detemos desta volta a nosa ollada sobre un instrumento en particular que, malia non acaparar un papel estelar en ningún momento concreto da historia da música, si gozou dunha presenza constante nela: a frauta de bico. Pertencente á familia dos instrumentos de vento-madeira, existen vestixios arqueolóxicos, que testemuñan a súa existencia xa na Prehistoria e na Antigüidade, así como unha riquísima iconografía que nos permite hoxe saber que modelos se empregaban nas diferentes épocas e as combinacións instrumentais das que a frauta era protagonista, coa súa máxima expresión no *consort* de frautas renacentistas.

Moderado, coma noutras ocasións, polo músico e investigador Andrés Díaz, e coa presenza, xunto a reputados músicos galegos especialistas no instrumento, da frautista austríaca Ilse Strauss e do laudista e xornalista musical da ORF, Wolfgang Praxmarer, o obradoiro ofrecerá un ameno paseo pola historia da frauta de bico e os seus repertorios, ao tempo que se exemplificarán os contidos mediante a proxección de representacións iconográficas e a interpretación dun nutrido conxunto de frautas de diferentes modelos, épocas e construtores.

Como complemento ao obradoiro, Ilse Strauss ofrecerá un pequeno concerto que fará un percorrido por cinco séculos de música, desde a Idade Media ata o Barroco, no que interpretará obras *a solo* e tamén acompañada doutros instrumentos e conxuntos instrumentais como o laúde ou o *consort* de frautas.

**Capacidade máxima:** 60 persoas  
**Inscrición:** do 12 ao 23 de setembro en [actividades@espazossonoros.org](http://actividades@espazossonoros.org)  
**Público:** para todos os públicos, con ou sen coñecementos de música

## >> Visita guiada polo mosteiro de Oseira

Oseira, San Cristovo de Cea (Ourense)

Sábado 26 de setembro >> 15.30 h

COÑECE O TEU PATRIMONIO



O obradoiro de achegamento á música antiga escolle desta volta un espazo de grande interese como é o antigo refectorio do mosteiro de Oseira, unha dependencia que data do século XVI e que foi reconstruída hai algunhas décadas ao quedar arruinada durante o proceso de abandono que sufriu o mosteiro logo da desamortización, no século XIX. Caracterizada pola súa bóveda de cruceira, a sala está situada nunha zona habitualmente non visitable do mosteiro, con vistas ao solarío, e á que se accede por unha impresionante escaleira abacial.

Ademais da posibilidade de contemplar estes espazos, para as persoas que asistan ao obradoiro está previsto un percorrido polo mosteiro no que teremos oportunidade de visitar, ademais, a igrexa, os claustros, a botica ou a antiga sala capitular, xunto con outras dependencias do conxunto monacal.

**Hora da visita:** 15.30 h  
**Inscrición:** só para as persoas participantes no obradoiro de achegamento á música antiga

## Escoitas arredor de... Tunde Jegede e Diana Baroni ...///

Cafetería do Centro Galego de Arte Contemporánea, Santiago de Compostela (A Coruña)

Sábado 3 de outubro >> 19.00 h

**Tunde Jegede**, kora  
**Diana Baroni**, traverso e voz

Presenta, **Anxo Quintela**

O noso salonciño de músicas, comodamente ambientado e da man do xornalista Anxo Quintela, convidanos, unha vez máis, á descuberta de novas perspectivas desde as que gozar dos sons a través do sentir da voz e da experiencia persoal dos propios intérpretes. Desta volta poderemos coñecer de preto, conversar e escoitar ao vivo dúas carismáticas personalidades de a cabalo entre dous mundos, o da música tradicional e de raíz e o da música máis académica, que conflúen no proxecto, liderado por Diana Baroni, arredor das culturas afroamerindias e a súa mestizaxe coa música europea levada ao novo continente polos primeiros conquistadores.

Tunde Jegede é compositor e músico especializado na interpretación da *kora*, un delicado e fascinante instrumento tradicional da cultura africana a medio camiño entre a arpa e o laúde. Poliédrico e virtuoso, Tunde posúe un amplo coñecemento da cultura tradicional africana e recibiu clases de *kora* e de tradición *griot* co mestre gambiano, Amadu Bansang Jobarteh. Ao tempo, é un dos pioneiros da denominada música clásica africana, fundador do African Classical Music Ensemble, no que

colaborou cos máis importantes artistas africanos como Toumani Diabaté, Oumou Sangaré, Juldeh Camara ou a Pan African Orchestra.

Diana Baroni é unha das máis destacadas intérpretes especialistas en frauta traveseira, colaboradora e solista en numerosas formacións como o Café Zimmermann, The Rare Fruits Council, o Ensemble Elyma ou Les Musiciens du Louvre, coas que ten participado nos máis prestixiosos festivais de

música do mundo. De sólida formación no ámbito da música clásica e barroca, a súa curiosidade levouna a explorar outros campos como o da música tradicional, para o que funda o seu propio proxecto,

no que colaboran músicos da altura de Rafael Guel, Alfonso Pacín, Lincoln Almada ou Tunde Jegede, na procura de novas mestizaxes culturais e musicais a partir do repertorio latinoamericano.



## La Macorina ...///

San Lourenzo de Carboeiro, Silleda (Pontevedra)

Domingo 4 de outubro >> 18.00 h

### VELLAS LEMBRANZAS, NOVAS HISTORIAS EUROPA, ÁFRICA E O NOVO MUNDO

**Alfonso Pacín**, guitarra, violín  
**Tunde Jegede**, *kora*, violonchelo  
**Rafael Guel**, viola de man, percusións  
**Diana Baroni**, canto e traveso

Da man deste conxunto ecléctico de virtuosos intérpretes, procedentes de substratos musicais moi diversos e impregnados das máis contrastadas referencias culturais, faremos unha viaxe que nos levará desde o vello continente ata os novos mundos descubertos ou “encubertos” polos colonizadores españois, para poñer de manifesto toda unha linguaxe musical propia, que ten como base o repertorio amerindio indíxena, a tradición musical europea do Renacemento e do Barroco e da tradición oral africana, levada ao novo continente por escravos procedentes de África. O programa representa todo un imaxinario arredor da descuberta do novo, dun universo máxico e sensorial nas terras do Novo Mundo. Ritmos e formas barrocas tocados cos instrumentos levados a América polos conquistadores europeos, canda cantos de tradición oral en linguas indíxenas e ritmos subsaharianos ao son dunha evocadora *kora*, que alumea o universo da tradición *griot*, farannos redescubrir as paisaxes, aos mitos e caracteres das terras e das xentes de diversos continentes.

La Macorina sintetiza á perfección a simbiose entre estilos e culturas que predica nos seus proxectos, de a cabalo entre a historia, a tradición e a contemporaneidade, grazas á confluencia do virtuosismo de Tunde Jegede, o universo rítmico de Alfonso Pacín e Rafael Guel, e a sincera, sutil ao tempo que sensual voz de Diana Baroni. Un programa que convida a tomar o fío das tradicións para internarse nun labirinto imaxinario, onde as fronteiras entre territorios se esfuman ao son da narración de antigas, pero sempre actuais, historias.

[www.dianabaroni.com](http://www.dianabaroni.com)



## >> Ruta a pé polo carreiro do Deza

Carboeiro, Silleda (Pontevedra)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Domingo 4 de outubro >> 15.00 h

Esta ruta circular percorre unha parte da contorna natural que circunda o mosteiro de Carboeiro, seguindo o curso do río Deza, ata a praia fluvial da Carixa, pasando polas antigas casas de baños da Brea, hoxe convertidas en balneario e que aproveitan unha veta de augas sulfurosas, que xa eran empregadas polos monxes para tratar as doenzas da pel. O vieiro descende polo camiño real, unha antiga calzada medieval que unía Carboeiro e Camanzo con Santiago de Compostela, que nos achega ata a Ponte do Demo, unha ponte de orixe medieval e dun só arco obxecto de moitas lendas, entre elas, a lenda do pacto co demo que fixeran os monxes do Carboeiro ante as dificultades que tiñan para rematar a construción do mosteiro.

O camiño percorre, ademais, unha paisaxe natural de grande interese. A cunca do río Deza atesoura unha das comunidades piscícolas mellor conservadas de Galicia, onde atopamos especies sedentarias como a troita, pero tamén outras que precisan de desprazamentos ao longo da súa vida entre o mar e o medio fluvial, e que cada vez son máis escasas debido á presenza de barreiras artificiais (anguía, lamprea e salmón atlántico, que ten aquí un dos últimos redutos para evitar a extinción). Durante a andaina deterémonos a observar e a comentar a interesante flora que poboas as ribeiras do río.

**Hora e lugar de encontro:** 15.00 h, xunto ao mosteiro de Carboeiro

**Duración:** 2 horas aprox.

**Distancia:** 4 km aprox.

**Dificultade:** media-baixa

**Capacidade máxima:** 70 persoas

**Inscripción:** do 19 ao 30 de setembro en [actividades@espazossonoros.org](mailto:actividades@espazossonoros.org)

#### Non esquezas:

- \_Calzado cómodo para camiñar
- \_Unha botella de auga
- \_Unha gorra para o sol
- \_Un impermeable por se chove
- \_Chocolate e unha mazá

## Quinteto Egeria ...///

Adegas Roandi, O Barco (Ourense)

Sábado 10 de outubro >> 19.00 h

### CANTOS RE-CORDADOS

COLECCIÓN DE CANCIÓNS POPULARES GALEGAS  
"DISFRAZADAS DE MÚSICA CLÁSICA"

Ildikó Oltai, violín  
Kiyoko Ohashi, violín  
Ioana Ciobotaru, viola  
M.<sup>a</sup> Jesús Hervás, violonchelo  
Alfonso Morán, contrabaixo

O Quinteto Egeria é un quinteto clásico de instrumentos de arco, con sede en Santiago de Compostela, formado por intérpretes membros da orquestra Real Filharmonía de Galicia e do claustro de profesores do Conservatorio de Santiago. O grupo inicia a súa andaina como cuarteto integrado por catro mulleres de diversa procedencia (Hungria, Xapón, Romanía e Valencia) asentadas todas elas en Galicia, ás que posteriormente se uniria o contrabaixista Alfonso Morán para conformar o quinteto. O feito de estar composto fundamentalmente por mulleres que conflúen nun lugar emblemático de peregrinación, Santiago de Compostela, levou á escolla do nome do grupo, en homenaxe á primeira muller que, no século IV, e procedente da Gallaecia romana, saíu en peregrinación a Terra Santa: a monxa Egeria. Desde a súa formación en 2009 participaron en

importantes ciclos e festivais como o Ciclo de Música de Cámara da Real Filharmonía de Galicia ou no Festival Via Stellae. En 2012, cumpriron coa encomenda de gravar para a Televisión de Galicia unha colección de cuartetos e quintetos de corda a partir de cancións populares para o programa *No bico un cantar*.

O programa escollido para esta ocasión permitirá gozar do virtuosismo duns experimentados intérpretes a través dun variado repertorio de pezas procedentes da música tradicional galega, xunto a pezas do repertorio clásico, cancións populares e cancións de autor, arranxadas ("disfrazadas") polo propio Alfonso Morán, para quinteto de cordas.



## >> De minas e viñas: xornada de lecer arredor da paisaxe natural e cultural de Éntoma

Éntoma, O Barco (Ourense)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Sábado 10 de outubro >> 11.00 h

Para esta xornada propoñemos un completo programa de actividades arredor da paisaxe cultural e natural de Éntoma. Música, unha ruta pola natureza, actividades e obradoiros para afondar no coñecemento da cultura do viño e algunha que outra sorpresa agárdannos neste pequeno recuncho da comarca de Valdeorras.

A pequena parroquia de San Xoán de Éntoma, no concello do Barco, é un lugar de singulares e abondosas pegadas da historia perceptibles aínda nunha paisaxe, na que se detecta unha transformadora presenza humana, tanto a través do cultivo da vide, como dos vestixios de antigas explotacións mineiras. O noso percorrido por estas terras partirá da igrexa parroquial de San Xoán, unha singular construción en pedra vermella do país, que loce nunha das portas laterais a cruz da orde de San Xoán de Xerusalén ou de Malta, á que pertenceu esta igrexa.

A primeira parte do itinerario coincide co Camiño de Inverno a Compostela, do que se separa para ir tomando altura cara aos lugares das Covas e dos Forroxancos, onde son visibles restos relacionados coa extracción de recursos mineiros na Antigüidade. O camiño continúa ascendendo entre viñas ata o miradoiro da Torrizola e, posteriormente, a ruta descende cara ao río Galir, que cruzaremos por un pontón de madeira para regresar á aldea. Alí pararemos para ollar a ponte antiga, construída sobre unha vía romana secundaria relacionada coa acti-

vidade mineira da comarca. No noso percorrido estaremos acompañados polo experto e arqueólogo Santiago Ferrer, que nos ilustrará sobre a paisaxe dun dos extremos máis orientais da xeografía galega. De volta en Éntoma, poderemos participar en diferentes actividades e obradoiros arredor da cultura e dos procesos de elaboración do viño nas adegas Roandi. Remataremos cun concerto do Quinteto Egeria ao abeiro das barricas de viño.

**Duración:** 3 horas

**Distancia:** 7,84 quilómetros

**Dificultade:** media-baixa

**Capacidade máxima:** 60 persoas

**Inscrición:** do 26 de setembro ao 7 de outubro [actividades@espazossonoros.org](mailto:actividades@espazossonoros.org)

**Non esquezas:**

- \_ Calzado cómodo para camiñar
- \_ Unha botella de auga
- \_ Unha gorra para o sol
- \_ Un impermeable por se chove
- \_ Chocolate e unha mazá

**Programa da xornada:**

11.00 h Encontro na igrexa de San Xoán de Éntoma  
14.30 h Xantar (optativo) nas adegas Roandi (prezo 8 € por persoa)

16.30 h Tarde de actividades arredor da cultura vitivinícola na adega

19.00 h Concerto do Quinteto Egeria

## Herbens Consort ...///

Santa María de Aciveiro, Forcarei (Pontevedra)

Domingo 11 de outubro >> 19.00 h

### HAENDEL MEDITERRÁNEO

TRES CANTATAS ITALIANAS DE GEORG FRIEDRICH HAENDEL: *MI PALPITA IL COR* (HWV 132C), *NO SE EMENDARÁ JAMÁS* (HWV 140), *O COME CHIARE E BELLE* (HWV 143)

**Indra Sesti di Lucca**, soprano

**José Antonio Campo**, tenor

**Eliseu Mera**, barítono

**Felipe Rodríguez**, frauta

**Diego Rojo**, arquilaúde

**Beatriz Junco**, violín barroco

**Carlos García Amigo**, viola de gamba, violonchelo, dirección

O Herbens Consort é un conxunto musical especializado no repertorio barroco, que se constituíu no verán de 2013 por iniciativa de Carlos García Amigo, Diego Rojo e Eliseu Mera, coa finalidade de participar no I Festival de Música de Herbón, As notas do pemento, do que se converteu no seu grupo residente. Esta formación pon un especial interese en potenciar a escoita da música en directo (*#sempreunplugged*). Cun ton desenfadado, ao tempo que co rigor que impón unha atenta escoita, os seus concertos teñen unha importante carga didáctica e facilitan o establecemento dun diálogo co público asistente,

nun intento de aproximar persoas do século XXI a un período da música afastado no tempo, mais non na expresividade da linguaxe. De aí, que os seus membros se declaren *#barrocoscomati*; iso si, co debido respecto aos patróns estilísticos básicos da época.

O programa escollido para esta ocasión achéganos á obra escrita á beira do Mediterráneo, polo compositor alemán Georg Friedrich Haendel, froito da súa estada en Italia entre 1706 e 1710, a través de tres obras emblemáticas pertencentes ao corpus de cantatas italianas, dúas delas escritas nese período e, a terceira, *Mi palpita il cor*, composta xa en Inglaterra, pero debedora do estilo e refinamento desenvolto polo autor ao seu paso por Italia.

[www.herbensconsort.com](http://www.herbensconsort.com)



## >> A cultura do xeo en Galicia: ruta polo camiño das Neveiras

Aciveiro, Forcarei (Pontevedra)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Domingo 11 de outubro >> 15.00 h

Un dos capítulos máis descoñecidos da historia económica de Galicia é o da cultura vinculada á explotación e comercio da neve e do xeo e a existencia de neveiras que, en diferentes puntos da nosa xeografía, e nun estado bastante precario ou incluso totalmente ocultas, aínda se conservan. Aínda que a conservación de neve para refrixerar alimentos e bebidas e para a súa venda existiu desde a antigüidade, conséntase que foi unha práctica que floreceu entre os séculos XVI e XIX, en especial durante a chamada Pequena Idade Glacial. En Galicia, a produción de xeo está fundamentalmente ligada ao Císter. Todos os mosteiros cistercienses tiñan a súa neveira; progresivamente, outras institucións, cidades, cabidos ou particulares foron adquirindo tamén tales privilexios. Entre eles, Aciveiro posuía tamén as súas neveiras na serra do Candán, instalacións que aínda se conservan en parte. Estas neveiras datan do século XVII e eran explotadas polos monxes do mosteiro, que obtiñan delas unha das súas principais fontes de ingresos, xa que, a diferenza doutros mosteiros, os monxes de Aciveiro comerciaban co xeo, para abastecer outros lugares. Para facilitar este comercio, aproveitábase o paso por estas montañas do camiño real, que unía o mosteiro de Aciveiro co Ribeiro, onde os monxes tiñan tamén viñas.

Para achegámonos ao interesante mundo do xeo en Galicia percorrерemos, ao noso paso por Forcarei, unha ruta que nos levará ata as neveiras de

Fixó. O camiño das neveiras, integrado no espazo natural, serra do Candán, percorre os puntos de maior interese paisaxístico, arqueolóxico e etnolóxico do lugar de Fixó-Portela. Dunha gran riqueza xeomorfolóxica, posúe zonas salagres e abruptas, con pequenos vales encaixados e espectaculares miradoiros desde os que se albisca, entre outras, a aldea abandonada de Grobas. A ruta percorre, ademais, elementos de interese como o muíño do Porto ou a mámoa de Rofete.

**Hora e lugar de encontro:** 15.00 horas na Portela de Millerada, xunto á área recreativa

**Duración:** tres horas aprox.

**Distancia:** 10 km

**Dificultade:** media-baixa

**Capacidade máxima:** 70 persoas

**Inscripción:** do 26 de setembro ao 7 de outubro [actividades@espazossonoros.org](mailto:actividades@espazossonoros.org)

### Non esquezas:

- \_ Calzado cómodo para camiñar
- \_ Unha botella de auga
- \_ Unha gorra para o sol
- \_ Un impermeable por se chove
- \_ Chocolate e unha mazá

## Joel Frederiksen ...///

Igrexa de Santa Liberata, Baiona (Pontevedra)

Domingo 18 de outubro >> 20.00 h

### ORFEUS, I AM

MÚSICA INGLESA, FRANCESA E ITALIANA DO  
RENACEMENTO E DO PRIMEIRO BARROCO

Joel Frederiksen, voz, laúde e arquiáude

Nacido nos Estados Unidos e asentado desde hai anos en Europa, Joel Frederiksen é cantante e laudista. Cun profundísimo e impresionante rexistro de baixo, é unha desas voces que destacan tamén polo seu gusto e personalidade, calidades que combina harmoniosamente coa súa faceta de instrumentista. Cunha brillante carreira de concertos ao longo de todo o mundo e colaborador de prestixiosas formacións como o Huelgas Ensemble, a Freiburger Baroque Orchestra, Hesperion XX, Musica fiata ou o Ensemble Gilles Binchois, en 2003 fundou o seu propio conxunto, o Ensemble Phoenix Munic, co que gravou varios discos que lle valeron varios premios como o Orphée d'Or 2011, outorgado pola Academia Francesa do Disco Lírico e o premio Echo-Klassic 2013, polo seu disco *Requiem for a Pink Moon*.

Para a pequena igrexa barroca de Santa Liberata de Baiona, o cantante presenta un recital íntimo de músicas renacentistas e barrocas con obras, entre outros, de Thomas Campion, John Dowland, Tromboncino, Willaer, Biaggio Marini ou Giulio Caccini, nas que se acompaña dun laúde e arquiáude, conxunto que sorprende polo seu elevadísimo nivel de perfección e, ao tempo, de expresividade, elegancia e franqueza, nunha total ausencia de afectación, tanto na voz como na interpretación.

[www.joelfrederiksen.com](http://www.joelfrederiksen.com)



## Dúo Fdez. & Quintá ...///

Sala Nobre do Museo Massó, Bueu (Pontevedra)

Sábado 24 de outubro >> 19.00 h

**Óscar Fernández**, zanfona  
**Carlos Quintá**, acordeón diatónico

**Pablo Quintana**, palestra

O dúo Fdez. & Quintá, formado por Óscar Fernández e Carlos Quintá, reinterpreta músicas tradicionais, nomeadamente do cancionero instrumental galego, a través dun repertorio de muiñeiras, xotas, valeses, mazurcas, polcas e foxtrots, e cancións tradicionais mariñeiras. O seu repertorio complétase con composicións orixinais e temas doutras culturas europeas que transforman o repertorio tradicional de baile nunha refinada e íntima sensación melódica. Estes dous instrumentos, a zanfona e o acordeón, a pesar de ter fondo arraigamento na música tradicional galega, non chegaron a coñecerse entre si. Cando esmorecía a zanfona no interior de Galicia, a finais do XIX, chegaba o acordeón á costa. O acordeón achega a harmonía, os baixos e unha melodía dinámica; a zanfona, a calidez das cordas fretadas e a percusión do bordón. Unha orquestrina completa con só dous músicos.

O espazo escollido para este concerto, o Museo Massó, ademais de estar en íntima conexión coas industrias e a cultura do mar que inspiran o concerto e que impregnarán o resto da xornada, responde ao interese que ten a presenza, na colección do Museo, dunha zanfona, probablemente do século XIX, que pertenceu á familia dos Massó. Sobre as zanfonas históricas galegas falará, como introdución ao concerto, o investigador e xornalista, Pablo Quintana.



## >> Urbano Lugrís no Museo Massó, e viceversa

### Xornada arredor da pegada de Lugrís e dos Massó na vila de Bueu

Bueu (Pontevedra)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Sábado 24 de outubro >> 12.00 h

Aproveitando o noso paso por Bueu, dedicaremos unha xornada ao legado da familia dos Massó, non só desde un punto de vista industrial, senón tamén artístico e musical. Para iso, propoñemos unha visita na que poderemos ollar, desde unha perspectiva diferente, a vila de Bueu a través do legado da familia de industriais Massó e da pegada do poliédrico artista galego, Urbano Lugrís. Durante a xornada, percorrermos diferentes fitos que vinculan o pintor coa paisaxe da vila ao longo dunha ruta que tratará de reflectir as interdependencias existentes entre a obra de Lugrís, a vila de Bueu e as coleccións dos irmáns Massó, familia coa que Lugrís estableceu, nos anos 40, unha frutífera relación que marcará fortemente os seus inicios na pintura.

A nosa andaina partirá do centro da vila para facer un percorrido a pé ata a capela dos Santos Reis, deseño do propio Lugrís por encargo do, por aquel entón, alcalde de Bueu, José María Massó. O percorrido continuará polo Museo Massó, no que teremos oportunidade de facer unha visita monográfica pola obra que o pintor Urbano Lugrís realizou por encargo da familia Massó. Ademais, teremos oportunidade de ver os planos e bosquexos da capela dos Santos Reis, depositados no museo, e trataremos de reconstruír o imaxinario presente na obra *A habitación do vello mariñeiro*, a través dos obxectos da colección dos Massó.

Outro dos elementos sobre os que deteremos a nosa ollada é unha zanfona do século XIX, que formou parte da colección persoal da familia e que servirá de elemento de conexión co concerto que se desenvolverá posteriormente no Salón Nobre. Sobre este instrumento e sobre as zanfonas históricas galegas e a literatura de cordel falará, en distendida charla, o xornalista e investigador, Pablo Quintana.

#### Programa da ruta:

12.00 h Xuntanza na entrada do Museo Massó, subida a pé ata a capela dos Santos Reis  
14.00 h Xantar conxunto no adro da capela  
16.30 h Volta ao museo e visita monográfica Urbano Lugrís no Museo Massó e viceversa  
19.00 h Concerto do dúo Fdez. e Quintá de zanfona e acordeón diatónico, precedido dunha breve charla sobre a zanfona de Massó, a cargo de Pablo Quintana

**Capacidade máxima:** 50 persoas

**Inscrición:** do 10 ao 21 de outubro en [actividades@espazossonoros.org](mailto:actividades@espazossonoros.org)

**Público:** actividade para todos os públicos

Non esquezas:

- \_Calzado cómodo para camiñar
- \_Unha gorra para o sol
- \_Un impermeable por se chove
- \_Un pequeno refrixerio e bebida para o xantar

# Óscar Ibáñez trío ...///

Sexto Edificio do Museo de Pontevedra

Mércores 28 de outubro >> 20.00 h

CLAUSURA

**XAN TILVE, GAITEIRO DE CAMPAÑÓ**  
ARREDOR DAS GRAVACIÓNS HISTÓRICAS DE FILGUEIRA VALVERDE

**Oscar Ibáñez**, gaita tombal  
**Andrés Vilán**, redobranter  
**Cristian Silva**, bombo

**Xavier Groba**, palestra

A xornada de clausura do ciclo, centrada na figura do gaitero de Campañó, Xan Tilve, enmárcase na celebración do Día das Letras Galegas dedicado este ano a Xosé Filgueira Valverde. Filgueira, que fora director do Museo de Pontevedra, foi sempre moi consciente do valor etnomusicolóxico dos seus fondos e, a comezos dos anos corenta, ordena e publica o *Cancioneiro Musical de Galicia*, compilado por Casto Sampedro. No Cancioneiro son moitos os músicos mencionados, mais é destacado o papel que se lles outorga aos vellos gaiteros do sur de Pontevedra, entre eles Xan de Campañó, activo aínda naquela altura, unha figura emblemática na zona por ser o gaitero das marchas de procesión do Corpus.

Cos medios técnicos do estudio de Radio Pontevedra, Filgueira decide levar adiante unha

gravación documental insólita e de gran valor etnomusicolóxico: a marcha do Corpus tocada polo gaitero de Campañó e comentada ao vivo por el mesmo. A gravación, de 1947, impresionábase en discos de acetato en dúas copias: unha para o arquivo da radio, ata agora perdida, e outra para o arquivo do Museo de Pontevedra que, felizmente, aínda se conserva. Dous anos despois morría o gaitero de Campañó. O Museo de Pontevedra atesoura desde entón a súa gaita, recollida polo propio Filgueira Valverde. En 1999, Ramón Pinheiro, actual director de aCentral Folque, realiza un inventario dos rexistros fonográficos do museo, e promove a dixitalización do acetato de Filgueira e o gaitero de Campañó, seriamente estragado polo paso do tempo. Froito daquel traballo, aCentral Folque vén de editar un libro disco no que leva a cabo un estudo sobre a figura do gaitero e a contribución de Filgueira á súa documentación sonora.

E coa presentación deste magnífico traballo e a nosa pequena homenaxe ao gaitero de Campañó e ao legado etnomusicolóxico de Filgueira Valverde, no ano da súa conmemoración, poremos fin a unha edición máis do festival. Para iso contaremos coa presenza de Xavier Groba, gran coñecedor dos fondos musicais da Colección Casto Sampedro e do papel que tivo a figura de Filgueira na súa divulgación. Pola súa banda, o virtuoso gaitero Óscar Ibáñez será o encargado de recuperar os

sons das antigas gravacións para devolvelas á seu tempo, o tambor e o bombo.

[www.oscaribanez.com](http://www.oscaribanez.com)



Foto Eutropio Rodríguez





# Espazos sonoros

Espazos... 2015 >>



[www.espazossonoros.org](http://www.espazossonoros.org)

# Igrexa de San Nicolao de Cis

Oza-Cesuras (A Coruña)

**Domingo 13 de setembro, 20.00 h >> La Morra**  
CONCERTO INAUGURAL

No concello de Oza-Cesuras atópase unha igrexa relativamente descoñecida do noso patrimonio arquitectónico, e que é, sen dúbida, o edificio relixioso de máis interese no concello. Trátase da igrexa de San Nicolao de Cis, que formaba parte do antigo mosteiro de San Salvador, un dos poucos exemplos de templo de estilo oxival con tres naves de Galicia.

O mosteiro foi fundado cara a fins do século IX polo nobre Aloitio e a súa esposa Paterna, como mosteiro familiar dúplice. Os descendentes destes nobres foron favorecidos o mosteiro e doáronlle igrexas, aldeas e mesmo o mosteiro de Santa Eulalia da Espenuca en 1063, que funcionou desde entón como priorado de San Salvador. Con posterioridade, pasou á poderosa familia dos Traba e deixou de ser dúplice tras un preito entre Pedro Froilaz de Traba e o abade Nuño, no que tivo mesmo que mediar o papa Pascual II. Sponse que durante o século XII o mosteiro pasou a adoptar a regra de san Bieito, e será xa nos anos 60 do século XIV cando comece a edificación da actual igrexa, que sería rematada a fins dese século coa axuda de Fernán Pérez de Andrade, o Boo.

Coa reforma dos mosteiros galaicos decretada polos Reis Católicos, e tras un breve período que

funcionou como abadía, o mosteiro foi anexionado ao mosteiro compostelán de San Martiño Pinarío, e quedou reducido a priorado ata a desamortización de Mendizábal, no ano 1836, cando se transformou en igrexa parroquial baixo a advocación de san Nicolás.

O templo, que como dixemos foi construído a finais do século XIV, é bastante amplo e ten tres naves e tres ábsidas poligonais, con planta basilical. As ábsidas, no seu deseño, recordan as das ordes mendicantes, os franciscanos e dominicos, que por esas mesmas datas estaban a construír os seus templos nas vilas galegas, por exemplo na próxima Betanzos. Os capiteis do interior están decorados con diversas escenas da Anunciación, e feitos da vida de Xesús; destaca especialmente un, ao lado do arco triunfal, onde se representa unha psicomaquia; é dicir, unha loita interior da alma. Disque é unha representación única na arte galega. Neste caso, a loita entre o Vicio e a Virtude simbolízase mediante o combate duns animais (xabaril e león) contra unhas damas armadas con espadas e co escudo dos Castro, primeiros promotores da reedificación da igrexa. No exterior tamén son destacables os tímpanos das portas. O da principal representa o Salvador amosando as chagas das mans, xunto con san Bieito e san Bernardo (ou san Nicolás, segundo

outros estudosos). O da porta lateral representa a Epifanía ou Adoración dos Reis Magos, un tema recorrente no gótico galego. No exterior tamén destacan, tanto no testeiro coma na fachada principal, dous rosetóns de mérito, ademais dun ciborio a catro augas que destaca lixeiramente en altura.

A intervención máis recente foi acometida en 2013, pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, para a adecuación interior e a iluminación exterior da igrexa.



# Colexio de Nosa Señora da Antiga ou do Cardeal

Monforte de Lemos (Lugo)

**Sábado 19 de setembro, 19.00 h >> Coro Vox Stellae e os Menestres de 1500**

Coñece o teu patrimonio: ás 11.00 h, roldas pola paisaxe organística galega

A impresionante fábrica do colexio de Nosa Señora a Antiga en Monforte de Lemos, ás veces referido como “o segundo Escorial”, foi construída pola determinación do cardeal arcebispo de Sevilla, Rodrigo de Castro, de fundar nas terras da súa familia unha institución educativa rexentada polos xesuítas. Daquela foi a terceira institución deste tipo erixida en Galicia, despois da de Monterrei, fundada en 1566 polo propio conde de Monterrei, e a de Santiago de Compostela, fundada polo arcebispo Blanco en 1577.

Aínda que, segundo os documentos, as compras e cesións de predios se iniciaron en 1591 e en 1592 se fixeron xa as trazas da igrexa, os xesuítas asentarán definitivamente en Monforte en 1593. Canda eles vén, para exercer a dirección da obra, o leigo Juan de Tolosa, discípulo de Juan de Herrera, que traballara con el no Escorial, o cal explica as similitudes entre os dous edificios. A adxudicación da obra da igrexa, por 18.000 ducados, iniciouna o mestre canteiro santanderino Juan de las Cajigas, que morrería en Monforte sen vela acabada, e da que se fixo cargo en 1608 Simón de Monasterio. O resto do colexio iniciouse máis tarde e as obras foron levadas a cabo polos irmáns Fatón, naturais de Barbadás.

O edificio ten un frontal de máis de 100 metros, cunha explanada cuxos predios foron doados polo concello, a instancias do cardeal Rodrigo de Castro, para lle dar máis grandeza á obra. No seu interior hai dous amplos claustros, de sección cadrada. No medio, a ampla igrexa, de traza sinxela e sen adornos, pero moi espazosa, como corresponde ao estilo imperante daquela e ao que é común nas igrexas de orixe xesuítica. O altar maior foi realizado polo importante tallista Francisco de Moure, que morrería tamén en Monforte durante a súa execución. Importantes obras pictóricas doadas polo cardeal, posuidor dunha impresionante pinacoteca, adornaban a igrexa. Entre elas destacaba a Adoración dos Reis Magos, de Hugo van der Goes, que foi vendida a comezos do século XX para poder afrontar unha custosa obra no edificio. Agora consérvase unha moi boa copia do orixinal, segundo as condicións da venda á Gemäldegalerie de Berlín, onde está o orixinal. Porén, aínda se conservan no museo adxunto dous Grecos e cinco táboas de Andrea del Sarto. Na propia igrexa destaca a estatua orante sobre o sepulcro do propio Rodrigo de Castro, obra de Juan de Bolonia.



# Refectorio de Santa María a Real de Oseira

San Cristovo de Cea (Ourense)

**Sábado 26 de setembro, 16.30 h >> Obradoiro de achegamento á música antiga**

Coñece o teu patrimonio: ás 15.30 h, visita guiada

O espazo escollido para o obradoiro de achegamento á música antiga sitúase no conxunto da abadía de Santa María a Real de Oseira, un mosteiro de orixe medieval situado nunha fermosa contorna natural e montañosa que precede ás serras do Faro, no límite coas provincias de Lugo e Pontevedra.

De fundación bieita, coñécese da súa existencia desde 1137, aínda que pasou a integrarse no Císter inmediatamente despois. O mosteiro estivo habitado ata a exclaustación como consecuencia da desamortización na primeira metade do século XIX, e quedou totalmente abandonado durante case cen anos ata que, xa entrado o século XX, se emprendeu a súa reconstrución. Durante ese tempo o mosteiro foi obxecto dunha ampla deterioración e do espolio de diferentes elementos e mobiliario. Polo demais, a fábrica románica orixinal do edificio sufriu numerosas modificacións ao longo do Renacemento e do Barroco, fundamentalmente a partir do incendio que arrasou o mosteiro a mediados do século XVI.

A igrexa abacial, que tamén teremos oportunidade de visitar, comezouse a construír nas últimas décadas do século XII. Cun característico estilo, románico oxival, está considerada unha das obras cume da arquitectura cisterciense peninsular. A

cabeceira consta dunha capela maior semicircular, arredor da que se desenvolve unha carola con cinco capelas. A ábsida está cuberta con bóveda de crucería e preside a capela maior unha interesante talla da Virxe aleitando o seu fillo, do século XIII. A fachada é do século XVII e está composta por tres corpos dunha característica fábrica almofadada. Na segunda metade do século XX, a igrexa sofre no seu interior notables modificacións que pretendían reducir o carácter barroco do conxunto, froito das cales desaparecerían importantes elementos como o baldaquino, varios retablos, o coro e o órgano ,do que tan só se conservan un par de elementos figurativos da caixa.

O conxunto do mosteiro, de grandes dimensións, dispón de tres claustros: o dos cabaleiros, o dos medallóns ou procesional, no que se atopaba o primitivo claustro medieval, e o dos pináculos. O refectorio está situado no ámbito do claustro dos medallóns, na parte alta. Trátase dun espazo rectangular de paredes lisas e vans en medio punto. Foi construído en 1572 con estética renacentista que apunta aínda solucións góticas, como son as bóvedas de crucería. Esta é unha das estancias do mosteiro que quedou completamente arruinada logo da desamortización e reconstruída en 1978 polo padre Juan María, que recuperou e aproveitou os

nervios e claves e substituíu a pedra da plementería por material conglomerado. No muro dereito, ábrese un púlpito para as lecturas durante as comidas. Detrás do refectorio sitúase o solarío, de finais do século XVI, resgardado dos ventos e aberto ao mediodía. De camiño ao refectorio, entre o claustro dos cabaleiros e o dos medallóns, subiremos por unha fermosa escaleira abacial, a escaleira de honra, que data do século XVII e que dispón de 24 chanzos profusamente decorados con puntas de diamante, e á que lle se engadiu, no século XVIII, unha fonte nun dos ángulos da zona superior.

A Xunta de Galicia acometeu o ano pasado a rehabilitación e a reposición do beirado do deambulatorio da igrexa do mosteiro, danado por un tornado.

[www.mosteirodeoseira.org](http://www.mosteirodeoseira.org)



# Centro Galego de Arte Contemporánea

Santiago de Compostela (A Coruña)

Sábado 3 de outubro, 19.00 h >> Escoitas arredor de... Tunde Jegede e Diana Baroni

O edificio foi proxectado e construído entre 1988 e 1993 como espazo de difusión cultural para a reflexión sobre o panorama artístico actual. O seu arquitecto, Álvaro Siza Vieira, buscou encadrar un edificio vangardista no recinto arquitectónico barroco formado polo antigo convento de San Domingos de Bonaval (sede actualmente do Museo do Pobo Galego), a igrexa e a antiga horta do convento, con harmonía e respecto no espazo desta última.

O estilo da edificación, identificativo de Siza, é claramente racionalista, pero cunha visión romántica, ao tempo que vangardista, onde priman a luz e a cor branca. Para a súa construción procurouse un material que harmonizase exteriormente coa paisaxe urbana, o granito cortado en bloques, mentres que para o interior se empregaron materiais como granito emplastecido e pintado, mármore branco, madeira e cristal.

O edificio adáptase a unha área triangular que se abre nos seus espazos interiores coma se se tratase dun abano, limitado externamente por muros altos sen apenas aberturas, pero inundado internamente de luz. A través dun vestíbulo, dáse acceso ás salas

de exposición, ao auditorio e á biblioteca. A terraza superior, concibida orixinariamente como espazo expositivo, permite contemplar unha estupenda vista da zona histórica da cidade que permite entender a vontade integradora do autor do centro co seu contorno.

Dunha lectura pormenorizada do conxunto do edificio, dos seus materiais, das súas liñas e da forma en que está disposto o seu volume, deducimos como o autor non pretendeu rivalizar nin ocultar o xa existente, senón integrar, sen estridencias, un edificio novo nun contorno de elevadas esixencias histórico-artísticas.

Creado en 1993, o Centro Galego de Arte Contemporánea, dependente da Xunta de Galicia, é hoxe un espazo de difusión cultural consolidado, cuxa función é dinamizar o panorama artístico actual, reflexionar sobre a diversidade das conformacións culturais na sociedade contemporánea e favorecer a entrada de Galicia no circuíto artístico internacional.

[cgac.org](http://cgac.org)



# San Lourenzo de Carboeiro

Silleda (Pontevedra)

**Domingo 4 de outubro, 18.00 h** >>La Macorina

Coñece o teu patrimonio: ás 15.00 h, ruta pola senda do Deza

Este mosteiro bieito foi fundado no século X á beira do río Deza, preto da súa desembocadura no Ulla, polos condes de Deza, fundadores tamén de San Salvador de Camanzo, nunha paraxe dunha natureza abrupta e nun lugar no que probablemente existía xa un asentamento monástico anterior. Parece que o nome fai referencia á actividade carboeira que se desenvolvía na zona para o aproveitamento de carbón vexetal. Desde a súas orixes, o mosteiro gozou de numerosas doazóns e privilexios reais e, debido á prosperidade económica experimentada durante os séculos XI e XII e o progresivo aumento do número de monxes, as obras de reforma nos edificios monásticos sucédense durante este período, e construíuse mesmo unha igrexa nova no último cuarto do século XII, conservada hoxe só parcialmente. A partir do século XIV comezará o seu declive polo descenso das doazóns e os ataques dos nobres. No século XV sería degradado, por orde dos Reis Católicos, á categoría de priorado dependente de San Martiño Pinario, o que o converteu practicamente en granxa atendida por unha comunidade moi reducida. No século XVIII converteuse en cárcere para clérigos e, no século XIX, foi obxecto de saqueo durante as guerras de independencia contra os franceses. Subsistiu ata a desamortización, que provocou o seu definitivo abandono logo da súa poxa. O templo pasou a

depende do arcebispado de Lugo e as terras lindadeiras foron adquiridas por sucesivos particulares que se despreocuparon por completo das súas posesións, que foron quedando en estado de ruína. En 1931, foi declarado monumento nacional e as autoridades administrativas decidiron emprender medidas para inventariar e consolidar as ruínas ante a súa brutal deterioración, traballos que quedaron en suspenso por mor da Guerra Civil. Despois da guerra continuou o espolio de importantes elementos do edificio, como esculturas, rosetóns ou a cheminea da casa monacal. Non foi ata os anos 70 do século XX cando se retomaron os proxectos de restauración do conxunto, realizados en diferentes fases e rematados xa na actualidade.

A igrexa románica sufriu, neste proceso, unha grave deterioración e a perda de elementos estruturais e decorativos. Cun estilo románico serodio de transición ao Gótico, a igrexa presenta amplas influencias da Catedral de Santiago, o que levou a atribuír esta obra ao propio Mestre Mateo ou a algún dos seus colaboradores máis directos. Aínda que este punto non se pode certificar, o certo é que parece claro que Carboeiro xerou, durante a súa construción, un obradoiro no que confluirían artistas

de distinta procedencia, o que favorecería un rico intercambio de experiencias e a difusión dun estilo propio.

Con planta de cruz latina, dispón de tres naves no brazo maior e dunha no cruceiro. A situación do mosteiro, a orografía do terreo, así como a orientación litúrxica da planta, condicionaron moito o desenvolvemento das obras da igrexa, e a forte pendente do terreo contra o leste obrigou á construción dunha cripta que permitiu edificar a cabeceira con deambulatorio e capelas radiais. Esta solución, única en Galicia, vincúlase tamén ao obradoiro do Mestre Mateo, pola semellanza coa chamada “catedral vella” que se atopa baixo o Pórtico da Gloria, neste caso para salvar o desnivel do terreo cara ao Obradoiro. Na fachada principal de Carboeiro, nunha das catro arquivoltas, desenvólvese o tema dos 24 anciáns músicos da Apocalipse, un tema tamén presente no Pórtico da Gloria e que, de novo, nos fai pensar nalgún dos máis destacados seguidores de Mateo.

[mosteirodecaboeiro.com](http://mosteirodecaboeiro.com)



# Santa María de Aciveiro

Forcarei (Pontevedra)

**Domingo 11 de outubro, 19.00 h >> Herbens Consort**

Coñece o teu patrimonio: ás 15.00 h, ruta pola senda das Neveiras

Situada na comarca de Tabeirós-Terra de Montes, esta igrexa pertence ao conxunto dun mosteiro bieito fundado no século XII e posteriormente incorporado á orde do Císter. Aínda que se conta entre os mosteiros economicamente modestos, Aciveiro dispuña de amplos poderes xurisdiccionais, o que lle ocasionou non poucos conflitos coa mitra compostelá, e foi centro da vida económica e social da comarca. No século XVII, un lume queimaría gran parte do mosteiro e destruíría a súa biblioteca. Durante as guerras de independencia, o 30 de abril de 1809, o mosteiro sofre de novo graves danos. Perdeuse daquela o órgano, que fora construído entre 1766 e 1767 por un organeiro de Santiago cun custo de 9600 reais, incluídos os gastos de transporte e da caixa. A exclaustación da orde, producida pola desamortización na primeira metade do século XIX, conduciu ao seu definitivo abandono.

A igrexa, de planta basilical, consta de tres naves, a central máis ancha que as laterais, de tres ábsidas e dispón dun falso triforio semellante ao de Xunqueira de Ambía e Santa Mariña de Augas Santas. Aínda que conserva a fábrica orixinal dun románico caracterizado pola escaseza ornamental, o templo foi obxecto de importantes remodelacións nos séculos XVII e XVIII. Destaca tamén a porta da sancristía, de

arco apuntado cunha rica ornamentación vexetal, xeométrica e con representacións de animais e figuras humanas, entre as que chama a atención un demo con orellas de asno. O retablo do altar maior é de feitura barroca, obra de Miguel de Romay, e nel hai que salientar as esculturas de san Bernardo e san Bieito, vestidos con atributos abaciais, atribuídos a Ferreiro. Consérvase un antigo altar románico ao que se engadiu un altorrelevo que representa a última cea.

A fachada foi totalmente refeita e non conserva nada da súa fábrica románica. Sobre o tímpano, hai unha antiga imaxe da Virxe co neno e, á esquerda do conxunto, sitúase o campanario cunha espadana composta de dous corpos. Fronte á fachada, na explanada, atópase un interesante cruceiro do século XIX, obra de Francisco Ferreiro, no que se representa a figura do Redentor, unha Verónica e, no reverso, a Inmaculada Concepción sostida por anxos. O templo, xunto co do mosteiro de Carboeiro, serviu de panteón da nobreza das Terras de Montes, Deza e Trasdeza, do que dan testemuño dous enterramentos sen inscricións.



# Igrexa de Santa Liberata

Baiona (Pontevedra)

Domingo 18 de outubro, 20.00 h >> Joel Frederiksen

Esta pequena capela está situada na praza do mesmo nome, na parte alta da vila histórica de Baiona A Real. O templo-santurario ten a súa orixe no culto á santa Liberata, primeira muller que morreu crucificada no século II, nos tempos das persecucións de Adriano. Segundo a lenda, unha muller chamada Calsia, muller do maxistrado romano Lucio Caelio Severo, daría a luz nove fillas xemelgas: Xenebra, Liberata, Victoria, Eufemia, Xermana, Marciana, Xena, Basilisa e Quiteria. Ao temer que o seu esposo pensase nunha infidelidade, ordenou tirar as súas fillas ao río Miñor, en canto Lucio estaba lonxe nunha campaña militar. A parteira Sila encargada de executar a orde, no lugar do sacrificio, entregou as nenas a distintas familias cristiás. Anos despois, as fillas foron encarceradas e atormentadas pola súa relixión. Unha delas, Liberata, conseguiu fuxir e foi capturada e crucificada en Portugal, na poboación de Castraleuca no Alentexo. O culto á santa estendeuse durante os séculos XVI e XVII e, en 1688, o concello de Baiona solicitou unha reliquia da catedral de Sigüenza (onde se conserva o seu corpo), un óso do brazo da propia santa Liberata, que se conserva nun relicario de prata, e que sae en procesión coa imaxe da Virxe todos os anos, o día 20 de xullo. En 1695 comeza a construción do templo, obra realizada por subscrición popular, baixo a dirección de José Domínguez Bugarín e

Marcial González. De estilo italiano bastardo con reminiscencias do toscano e algunhas mesturas do plateresco, a igrexa ten unha soa nave e presenta unha fachada principal, flanqueada por dúas elegantes torres de base cuadrangular rematadas en pináculos e unha porta alintelada sobre a que monta un frontón oco que acolle a imaxe da santa crucificada.

Resulta interesante, en especial, o retablo do altar maior, obra do escultor redondelán Antonio del Villar, autor tamén do retablo da Virxe da Expectación da catedral de Tui. Nel acapara todo o protagonismo a imaxe da crucifixión da santa, rodeada das súas irmás representadas sobre as pólas dunha árbore á sombra da cal está a parteira Sila. Nas bandas laterais, aprécianse medallóns en altorrelovo, con escenas do martirio das nove virxes, así como as imaxes de san Pedro e san Paulo no primeiro corpo e santa Bárbara e santa Apolonia no segundo. No ático, a gran figura de Santiago Matamouros e, na clave do arco que pecha o retablo, asenta o escudo de armas da vila.





# Museo Massó

Bueu (Pontevedra)

**Sábado 24 de outubro, 19.00 h >> Fdez. & Quintá**

Coñece o teu patrimonio: ás 12.00 h, xornada arredor da pegada de Lugrís e os Massó na vila de Bueu

O Museo Massó naceu froito do labor coleccionista e das inquedanzas intelectuais dos irmáns Gaspar, José María e Antonio Massó, membros dunha familia catalá dedicada á explotación da industria pesqueira, asentada en Galicia a comezos do século XIX. Os irmáns Massó recompilaron unha interesante colección de obxectos relacionados coa navegación e unha completa colección de libros de entre os séculos XV e XIX, ademais de manuscritos, cartografía, documentos e maquetas de embarcacións históricas. O museo foi inaugurado en 1932, e creado a proposta de Guillerme Marconi (Nobel de Física en 1909), que visitara Bueu en 1928 e quedara impresionado pola colección dos Massó.

De entre as dependencias do museo destaca a Sala Nobre, dedicada á historia da navegación, que foi levantada en 1929 sobre o edificio máis antigo da fábrica de conservas, co obxecto de expor a colección particular da familia. A Sala Nobre é dun valor excepcional, xa que conserva a museografía e o mobiliario orixinais dos anos 30 do século pasado, a xeito de museo dentro do museo. O museo foi medrando dentro das instalacións da vella fábrica e a actividade pesqueira e os testemuños das factorías conserveira e baleeira foron completando o perfil dun centro único e sorprendente, pertencente á Xunta de Galicia desde o ano 1994.

Durante a visita previa ao concerto, teremos oportunidade de percorrer as instalacións da antiga fábrica de salgadura, o almacén Piñeiro, anexa ao edificio do actual museo e que, xunto con outras vinte, estaba situada na liña de praia do grande areal de Bueu. A salgadura data de comezos do século XIX e foi adquirida arredor de 1920 polos Massó para empregala como almacén para a maduración do bocarte antes do enlatado (anchoa). Sobre ela levantaron a planta, transformada despois en sala do museo.

En agosto de 2013, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria rematou as obras para a recuperación dos dezaioito píos da antiga salgadura que foran tapiados. Posteriormente, acometéronse as obras de restauración das cubertas e acondicionáronse outros espazos do museo, como o taller de restauración.

[museomasso.blogspot.com.es](http://museomasso.blogspot.com.es)





Foto Museo de Pontevedra

## Sexto Edificio do Museo de Pontevedra

Pontevedra

**Mércores 28 de outubro, 20.00 h >> Óscar Ibáñez trío**

Concerto-presentación do libro *Xan Tilve, Gaiteiro de Campañó*

**CLAUSURA**

Obra de Eduardo Pesquera González e Jesús Ulargui Agurruza, o Sexto Edificio está situado no soar que ocupara a horta da Compañía de Xesús, detrás da igrexa parroquial de San Bartolomeu e do Edificio Sarmiento. O edificio responde a unha dobre idea: por unha banda, servir de ampliación a este último edificio, o Sarmiento, co que se comunica; e, por outra, a de presentarse como un espazo de autonomía propia e identidade definida. Debido á súa situación, a construción formulouse aberta ao espazo circundante, a través de solucións murais translúcidas e zonas axardinadas articuladas de tal maneira que o visitante perde a noción de cando se atopa nese espazo e cando no museo ou, dito doutro xeito, o espazo museístico sae á rúa e a rúa entra nel.

O edificio distribúese en catro andares e un soto. A planta baixa dedícase a exposicións temporais e as tres plantas superiores fan un percorrido pola arte galega, desde o Gótico á actualidade, para mostrar tamén obra de artistas españois e estranxeiros.

O espazo escollido para a clausura dos Espazos Sonoros, na edición 2015, forma parte dunha das máis importantes institucións culturais do noso país. O Museo Provincial de Pontevedra, fundado en 1927 co fin de completar o labor da Sociedade

Arqueolóxica de Pontevedra, contén unha das coleccións máis singulares de Galicia, entre as que destaca o Tesouro de Caldas, os óleos de Van de Hamen, os lenzos de Sorolla ou o álbum da Galicia Mártir de Castelao. O crecemento progresivo do museo e dos seus fondos débese, en boa medida, ao labor e á dedicación constante de Xosé Filgueira Valverde, polígrafo a quen se lle dedican este ano as Letras Galegas, que foi impulsor da creación do museo e o seu director desde 1940 ata 1986. A este intelectual galeguista e ao seu papel na conservación e difusión do patrimonio musical galego está estreitamente vinculado este concerto de clausura.

[museo.depo.es](http://museo.depo.es)

**Espazos para unha  
arquitectura sostenible**

**Empresas e entidades colaboradoras... >>**



[www.hammerer.co](http://www.hammerer.co)

Descubre  
**BAIONA**



**Fascinante!**  
[www.turismodebaiona.com](http://www.turismodebaiona.com)



[www.bodegaroandi.com](http://www.bodegaroandi.com)

**GALERIE ARNOLD**

**ARTE - XOIARÍA -  
ANTIGÜIDADES**

**DR. KONRAD ARNOLD**



FOTCEL: WWW.FOTCEL.PANGIER.COM



**INNRAIN, 9  
A-6020 INNSBRUCK  
AUSTRIA**



**RIBEIRA SACRA**

Consello Regulador Denominación de Orixe


Rúa do Comercio 6-8, 27400 Monforte de Lemos - Lugo - España

Tel.: +34 982 41 09 68 Fax.: +34 982 41 12 65

[info@ribeirasacra.org](mailto:info@ribeirasacra.org) [www.ribeirasacra.org](http://www.ribeirasacra.org)



Ribeira  Sacra



“A diferenza entre unha vida extraordinaria e unha vida cotiá é encontrar un pracer extraordinario nas cousas cotiás”

**NOTA DE CATA:**

Cor amarela pallosa, intensa e limpa.

Destacan as notas varietais como herba seca e de froita como mazá e pera. Intenso toque de flores silvestres cun lixeiro fondo cítrico de lima.

Paso por boca intenso e graxo, con boa estrutura froito do traballo con lías. A densidade e untuosidade envolven o padal. O viño continúa cun final longo e persistente.

*Mellor Viño Branco de Galicia*


XXIV CATA DE VIÑOS DE GALICIA





**ACME Galicia** é o centro de formación Autorizado Apple onde podes realizar todo tipo de cursos sobre Mac e iPad. Ademais está dispoñíbel unha programación anual de cursos de deseño gráfico, web, fotografía, vídeo, animación, son e imaxe corporativa que che permitirán acadar un nivel profesional no ámbito creativo e publicitario.

Rúa dos Irmáns Rey Alvite 1, Santiago. Telf: 981 56 28 25  
www.acmegalicia.com - info@acmegalicia.com



Libros-CD de aCentral Folque  
“Chave Mestra”  
Colección sobre a Tradi-  
ción musical e oral galega

Biografías e Hª social  
Gravacións inéditas  
Fotografía histórica  
Transcricións, análise

DOROTHÉ SCHUBART, ANTÓN  
SANTAMARINA, ANDRAS VAVRI-  
NECZ, RAMON PINHEIRO, XURXO  
SOUTO, PABLO QUINTANA,  
JUANJO FERNÁNDEZ, LAURA  
TATO, SERGIO DE LA OSSA,  
PEDRO PASCUAL,...

de venda en librerías e na web  
www.folque.com

## Colaboran... >>



Concello de Baiona



Concello de Forcarei



E tamén o noso agradecemento a...

- > D. Camilo Fernández Cortizo, historiador
- > D. Santiago Ferrer Sierra, arqueólogo
- > D. Xavier Groba González, etnomusicólogo
- > D. Manuel Lamela Blanco, párroco da igrexa de Santa María de Aciveiro
- > D. Manuel Losada Arias, enólogo
- > D. Evaristo Mallón Oróns, párroco de San Nicolao de Cis
- > D. Rafael Mella Vázquez, párroco de San Vicente do Pino e Santa María da Régoa
- > D. Pablo Quintana, investigador e xornalista
- > D. Manuel Salcidos González, párroco da igrexa de Santa Liberata de Baiona
- > Colexio de Pais Escolapios de Monforte
- > Comunidade de Monxes da Abadía Cisterciense de Oseira
- > Asociación Galega do Patrimonio Industrial, Buxa
- > Asociación Cultural Santos Reis de Bueu
- > Cafetería A Cantina do CGAC
- > Hotel rural A Rectoral de Cins
- > Concello de Monforte de Lemos
- > Estevo Creus

### Parceiros do Festival

- > Festival In Spiritum de Música e Contemplación na cidade do Porto
- > Musikschule der Stadt Innsbruck

**Espazos  
sonoros**



galicia



XUNTA  
DE GALICIA